

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A ASSOCIAÇOM GALEGA DA LINGUA (AGAL) PARA ACTUACIÓNS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Eduardo Xesús Maragoto Sánchez, con DNI 32681323W, presidente da Asociación Galega da Lingua (en diante, AGAL), que actúa no seu nome e representación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, con CIF G15055478 e domicilio social na rúa de Emilio e de Manuel, 3, porta R/C - 15702 Santiago de Compostela, elixido presidente mediante o acordo adoptado pola Asemblea Xeral da AGAL o 9 de novembro de 2019.

EXPOÑEN:

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e a difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.
2. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, as competencias de promoción da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e a promoción, defensa e difusión do patrimonio cultural de Galicia.



3. Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador da lingua e da cultura galegas. Concretamente, unha destas entidades é a AGAL, un colectivo reintegracionista creado en 1981 que pretende a plena normalización do galego, o cal entende que é unha póla da lingua galego-portuguesa, e que busca a súa incorporación ao ámbito lingüístico galego-luso-brasileiro. Esta Asociación está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co num. 2004/007611.

4. Segundo os seus estatutos, a AGAL ten entre os seus obxectivos específicos o de potenciar e fomentar, sen finalidade partidista e no respecto á convivencia democrática regulamentada pola lexislación vixente, calquera actividade, predominantemente cultural, que se exprese en galego, de tal xeito que progresivamente se consiga en Galicia o seu uso normal. Para tales efectos, a AGAL organiza, a teor da normativa aplicable en cada caso, cursos, conferencias, coloquios, seminarios, publicacións (físicas ou dixitais), festivais, certames e calquera actividade que considere adecuada para o cumprimento dos seus obxectivos.

5. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades, privadas e públicas, para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, co que se pretende mostrarlle á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar deste xeito o seu uso neste colectivo. Para isto, o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.



6. Que, dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderá levalas a cabo a AGAL que, ademais, dispón de medios técnicos e humanos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

7. Que a Consellería de Cultura e Turismo e a AGAL teñen un interese común e coincidente, que é o de promover e potenciar a lingua e a cultura galegas, dándolle visibilidade á vida e obra de Ricardo Carvalho Calero a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, e manifestan a súa vontade de colaborar, xa que a Consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve a AGAL.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2020, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, e a Asociación Galega da Lingua (AGAL) para colaborar nos labores de divulgación, estudo e preservación da vida e obra de Ricardo Carvalho Calero a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, así como para darlle continuidade ao labor realizado por el nos distintos eidos da vida literaria, social e cultural galegas.

Segunda. Obrigas da Asociación Galega da Lingua (AGAL)

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega, do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico e no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, mediante a sinatura deste convenio, a AGAL comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes accións:



1. Expo «A voz presente»

Realizará unha magna exposición modular sobre a obra e pensamento de Ricardo Carballo Calero, que contará con dous formatos. O ampliado contará con soporte audiovisual, ademais de paneis textuais explicativos, obxectos do día a día do autor, documentos, fotografías orixinais... todo contextualizado con fondo histórico no que se recollen as diferentes etapas da vida de Ricardo Carvalho Calero, así como as súas obras e estudos. Este formato será exposto nas dúas cidades onde transcorreu a súa vida: Ferrol e Santiago de Compostela. O formato máis reducido consistirá en varios paneis que serán expostos noutras cidades e vilas da Comunidade Autónoma galega.

En calquera dos dous formatos e debido á situación de emerxencia de saúde pública provocada polo coronavirus COVID-19, estudaríase a posibilidade de poñer á disposición unha visita virtual no sitio carvalho2020.gal.

2. Web carvalho2020.gal

Elaboración dunha web para recoller todos os materiais que se van producir no ano Carvalho Calero 2020. A ligazón <http://carvalho2020.gal> conterá en aberto contidos biográficos relacionados coa obra de Ricardo Carvalho Calero, alén de poñer á disposición todos os recursos (unidades didácticas, documentais, imaxe gráfica...) do ano.

3. Outras actividades de difusión da vida e obra de Ricardo Carvalho Calero:

- Identidade corporativa

A AGAL cederá gratuitamente a identidade corporativa creada polo artista Pancho Lapeña para o ano Carvalho Calero 2020. Esta imaxe cederalla gratuitamente a calquera institución ou colectivo que queira utilizala, para o que a asociación dará indicacións de uso e fornecerá os materiais adecuados para incorporar este deseño, moderno e icónico, coa finalidade de que trascenda o ano 2020 e quede para a posterioridade.

- Material didáctico para o ensino

O feito de dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2020 a Ricardo Carvalho Calero e de ter o autor unha ampla obra publicada xustifica a creación de diversos materiais gráficos pensados para o alumnado da ensinanza infantil, primaria e secundaria.



Pola súa vez, faise unha diferenciación entre os diferentes niveis e ciclos e tense sempre como referencia para a creación destes materiais a lexislación vixente. Entre estes materiais destaca a creación de secuencias didácticas pensadas para que o profesorado as utilice cando o considere preciso nos cinco bloques curriculares (comunicación oral, comunicación escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e educación literaria) e onde se aborda a obra do autor por enteiro: a súa produción como filólogo, como historiador e como crítico, a súa obra literaria e o seu ideario lingüístico.

- Documental *De Carballo a Carvalho*

Percorrido biográfico pola vida e obra de Ricardo Carvalho Calero, profesor, investigador, escritor e intelectual, usando todas as posibilidades expresivas do formato audiovisual con materiais como testemuños, entrevistas, conversas, lecturas e outras achegas artísticas, musicais e materiais de arquivo.

- Lectura continuada de *Scórpio*

Será emitida vía streaming no día do aniversario de nacemento de Ricardo Carvalho Calero, participarán máis de 300 lectores e lectoras e terá unha duración de 14 horas. Consistirá na lectura continuada da obra *Scórpio* por aquelas persoas que desexen participar. Determinados extractos escollidos previamente poderán ser lidos por monoloxistas, grupos de alumnado ou escritores e escritoras lusófonas, que enviarán as súas lecturas en vídeo.

Debido á situación de emerxencia para a saúde pública provocada polo coronavirus COVID-19, a data de realización e o formato do evento poderán variar.

- Musicando Carvalho Calero 2020

O Concurso Musicando Carvalho Calero 2020 é un certame musical no que grupos ou solistas serán convidados a presentar un tema orixinal relacionado coa figura de Ricardo Carvalho Calero: poemas de Carballo; letras relacionadas coa súa vida, obra ou ideoloxía; ou *samplers* usando a súa voz orixinal, aínda que a situación provocada pola crise sanitaria do coronavirus COVID-19, chegado o momento, pode obrigarlle a que a AGAL reformule esta actividade.



A AGAL encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como de facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo comprométese a facilitarlle á AGAL, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta. Financiamento

O custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **28.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Políticas Culturais, colabora cun importe total de **25.000,00 €**, coa seguinte desagregación:

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas accións cunha achega económica de **10.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.40.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A Dirección Xeral de Políticas Culturais colaborará na realización destas accións cunha achega económica de **15.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A AGAL achegará a cantidade restante de **3.000,00 €**.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes asinantes do convenio obteña lucro ningún.

s partes compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.



Quinta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura e Turismo e que se especifica na estipulación anterior, a AGAL presentará telematicamente, coa data límite do 30 de novembro 2020, a seguinte documentación:

- Unha certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa implementación. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Un exemplar dos traballos que se publiquen, para o control das actividades que se prevén no convenio.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e da cultura galegas.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

O uso e a difusión destes estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



A Secretaría Xeral de Política Lingüística será o órgano competente encargado de verificar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos.

Unha vez comprobada a documentación, o secretario xeral de Política Lingüística emitirá un certificado ao respecto que será enviado á Dirección Xeral de Políticas Culturais para que tramite o correspondente documento contable OK e o remita á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a tramitación do expediente.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A AGAL facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta. Utilización da lingua galega

Todas as actividades custeadas por este convenio deberán contar cunha redacción de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Sétima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mais o resto das especificacións que aparecen nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio, farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación.

Décima. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dous representantes da Dirección Xeral de Políticas Culturais nomeados polos seus respectivos titulares, e dous representantes da AGAL.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha (nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria) polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, avaliará a realización das actividades establecidas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e da cultura galegas.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e tamén será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas dos que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).



Décimo sétima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 09-11-17), segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto, de acordo co artigo 4 da citada lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo	O presidente da AGAL
Román Rodríguez González	Eduardo Xesús Maragoto Sánchez

